

Celga



1

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-18

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre o emprego do despertador. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

6 cousas que aprendín na miña vida sen despertador



Ola, chámome Uxía e vivo nunha pequena vila de Galicia. No mes de setembro do ano pasado quixen modificar os meus costumes e decidín eliminar o despertador da miña vida. A idea era probar un mes e ver como cambiaban as cousas semana a semana. Todo indicaba que nunca máis ía volver usar o despertador porque a vida sen el resultaba moito mellor.

Agora, podo dicir que non estaba equivocada. O despertador xa non forma parte da miña vida. Estas son as cousas que aprendín:

1. **O meu corpo necesita durmir entre sete horas e media e oito horas cada noite.** Isto xa o pensaba despois da primeira semana. Hoxe podo dicir que tiña razón. Intento apagar a luz entre as once e as once e media da noite, para levantarme antes das oito da mañá.
2. **O son da alarma segue na miña cabeza.** O meu reto persoal era poder erguerme e despertar de forma natural (a unha hora decente) e sen dicir “quero durmir un pouquiño máis”.
3. **O momento de saír da cama é sempre difícil no inverno.** A cama é quente e acolledora pola mañá. Na vida real vai frío e hai que traballar. Necesito reunir moita forza de vontade para saír ao exterior.
- 4 **Os nervios farán de alarma para coller un medio de transporte moi cedo pola mañá.** Poñer o despertador para coller trens ou avións a primeira hora é unha medida de precaución. Sempre espertei antes de escoitar a alarma, polos clásicos nervios do medo a perder a viaxe.
5. **A sesta das catro da tarde xa non me fai falta.** Antes era imprescindible durmir 15 minutos no sofá (nunca necesitei máis) ou tomar un café. Agora non.
6. **A idea de despertar sen poñer o despertador faime sentir un pouco superior.** Dicir que marcho para a cama ás once da noite e non uso a alarma faime sentir ben.

Sabías que unha das prioridades despois da Segunda Guerra Mundial foi fabricar despertadores? Durante a guerra non se producían porque esas fábricas dedicáronse a construír avións, pero cando chegou a paz apareceu un gran problema: non había despertadores e a xente chegaba tarde ao traballo!

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minuto aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle ao candidato a estrutura da proba e acomodalo.</p> <p>As primeiras preguntas NON son avaliáveis.</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ Como está?■ Como se chama?■ A que se dedica?	

2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: a partir de aquí XA é avaliável. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico do candidato relacionado co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...■ Canto tempo leva estudando galego?■ Por que o estuda?■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">■ Que lle gusta máis da cultura galega?■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	

3. RESUMO	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do texto. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o artigo. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ De que trata o texto?■ Que decidiu facer a protagonista do texto?■ Tivo éxito coa súa decisión? Que cousas aprendeu? Pode mencionar algunha?	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Adoita usar o despertador para levantarse?
- Que tipo de despertador ten?
- Na súa casa, úsano todos os membros da familia?
- Coñece alguén que non o use?
- Pensa que é necesario utilizalo? Por que?

OPCIÓN B

- Ten que coller a miúdo algún medio de transporte? Cal/Cales?
- Cando vai de viaxe necesita poñer o despertador para erguerse a tempo?
- Gústalle viaxar? Ou prefire estar na casa?
- As súas viaxes adoitan ser, na súa maioría, por pracer ou por traballo?
- Cal foi a última viaxe que fixo? Gustoulle o lugar?
- Prefire viaxar só ou con outras persoas? Por que?

OPCIÓN C

- Cantas horas dorme ao día?
- Considera que son suficientes ou necesita máis?
- Nas vacacións e nas fins de semana, dorme máis tempo ou érguese á mesma hora todos os días?
- Bota a sesta despois de comer? Canto tempo?
- Que fai para manterse esperto cando ten sono durante o día?
- (Se procede) No seu lugar de orixe, é habitual botar a sesta?